

C. Ares Vázquez *et alii* (2004): “Proxecto e método do Gran Dicionario Xerais da Lingua”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 2, 527-537.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

PROXECTO E MÉTODO DO *GRAN DICCIONARIO XERAIS DA LINGUA**

*Carme Ares Vázquez | Xosé M^a Carballeira Anllo | Carme Hermida Gulías |
Primitivo Iglesias Sierra | Xosé M^a Lema Suárez | Rosa López Fernández |
Gonzalo Navaza Blanco*

Escola Univ. de Formación do Profesorado, Lugo, Universidade de Santiago de Compostela | IESP de Ourense | ILG/Fac. de Ciencias da Información, Universidade de Santiago de Compostela | IB A Nosa Señora dos Ollos Grandes, Lugo | IFP Antón Losada Diéguez, A Estrada | IB San Tomé de Freixeiro, Vigo | Fac. de Humanidades, Universidade de Vigo

1. INTRODUCCIÓN

A mediados de 1994 Edicións Xerais de Galicia, como continuación dunha liña editorial iniciada dez anos antes na elaboración e publicación de dicionarios, de uso eminentemente escolar, propuxo ó equipo de redacción do primeiro *Diccionario Xerais da Lingua* (Vigo, 1986) a composición dun *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Daquela, cando a primeira experiencia lexicográfica da editorial botou a andar, Antón Santamarina, catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago, escribía as seguintes palabras no prólogo da primeira edición:

“...A realización dun diccionario galego como o presente, cunha finalidade eminentemente pedagóxica, entraña moitas dificultades. En linguas de moita tradición lexicográfica os dicionarios escolares baséanse no uso contemporáneo (con algunha concesións ó idioma “clásico”) e extráense por escolla (intuitiva ou estatística) dos dicionarios académicos ou dos dicionarios de uso contemporáneo elaborados por empresas editoriais privadas. No caso do galego ese diccionario académico ou de uso aínda non existe; non existe sequera ata agora un diccionario ortográfico. Por eso a elaboración dun diccionario escolar é aquí máis arriscada e dificultosa ca noutros sitios. Porque aquí escoller non é só unha cuestión de estatística senón de crítica lexicográfica”¹.

* Esta contribución redactouse, como ben di o título, cando o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (Xerais 2000) aínda era un proxecto. O resultado final contén variacións feitas a posteriori.

¹ A. Santamarina, “Prólogo”, *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Ed. Xerais, 1986, pp. VIII-IX.

En 1990, Rosa López Fernández, desde a súa implicación directa nas tarefas de investigación e compilación de traballos lexicográficos, facía esta reflexión a propósito dos dicionarios publicados na pasada década dos oitenta²:

“Os dicionarios de hoxe, probablemente igual que os decimonónicos ou os de principios de século, traducen perfectamente a situación á que se viu e se ve sometida a lingua. Se os predecesores dos dicionarios actuais son un claro exemplo da situación diglósica dunha lingua sen normalizar nin normativizar, os traballos lexicográficos actuais, sen nega-los seus enormes avances respecto dos anteriores, seguen sendo o resultado e o reflexo desa situación que seguimos a padecer, a saber: 1) unha oficialidade “potencial” do idioma que chegou onte, coma quen di, 2) o abandono dos poderes públicos respecto da lingua de Galicia, 3) un consecuente proceso de normalización a penas iniciado, 4) un debate normativo que aínda non temos superado (e os dicionarios son proba evidente diso), 5) unha Facultade de Filoloxía relativamente recente (a primeira promoción de filólogos de Santiago é do ano 1965, e a primeira fornada de especialidade de galego-portugués, é do curso 77-78). Facultade, ademais, onde os estudos de Lexicografía e Lexicoloxía son inexistentes e, polo tanto, é nula a formación neste terreo dos futuros especialistas en galego que poderían asumir a elaboración de traballos lexicográficos co rigor, coñecemento e cientifismo necesarios. E digo que poderían asumir estas tarefas no campo da Lexicografía porque, precisamente, a(s) Institución(s) que teñen ou deberían ter encomendadas estas funcións endexamais as cumpriron, e moito me temo que non as cumprirán”.

Desde 1990, ano ó que pertence esta cita, as cousas non cambiaron tanto como para que destas dúas reflexións non poidamos tirar algunhas conclusións evidentes que nos leven a pensar na urxente necesidade dun dicionario descritivo xeral da lingua, que permitiría, sen dúbida, senta-las bases dunha perentoria e imprescindible sistematización do idioma.

En primeiro lugar, porque ata o de agora os dicionarios “normativos” existentes non son capaces de resolver tódalas dificultades que ofrecen a maioría dos textos literarios, ben pola limitación intrínseca da súa condición de “escolares”, ben pola restricción da propia “norma” que precisa dun tempo e dunha reflexión académica para ir sedimentando e consolidando as diferentes variedades léxicas. Nun futuro dicionario non se pode obviar, como ata agora, a presenza dunha boa parte do inmenso caudal léxico de autores tan significativos como Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor, Fole, Ferrín ou Iglesia Alvariño, por citar tan só algúns casos. En segundo lugar, porque neles se constata a ausencia de moitas formas “xenuinamente galegas” con pouca fortuna na escolla normativa que viven nos beizos do pobo ou que repousan nas páxinas dos glosarios ou noutras fontes que agochan o manancial xeral da lingua. E finalmente, en terceiro lugar, dada a inexistencia en Galicia dun Instituto de Estudos e Normalización Terminolóxica, coma o *Termcat* catalán ou o *Euskalterm* de Euskadi, faise imprescindible avanzar na ela-

² R. López Fernández, “Sobre os dicionarios galegos”, *A Trabe de Ouro* 3, Santiago de Compostela, 1990, p. 49.

boración e consolidación dunha terminoloxía científica, neoloxismos incluídos, fóra dos teitos lingüísticos que ata agora cobren as obras lexicográficas galegas.

Para intentar cubrir todas estas carencias Edicións Xerais cun equipo de lexicógrafos decidiu iniciar esta tarefa.

2. EQUIPO DE REDACCIÓN

Para levar a cabo este proxecto a Editorial pensou no mesmo equipo que redactou o *Diccionario Xerais da Lingua* e o *Diccionario Castelán-galego de usos, frases e sinónimos* (Vigo, 1990). Basicamente a experiencia investigadora e de compilación lexicográfica do grupo, alén dos traballos individuais de cada un dos seus compoñentes, remóntase á primavera de 1983, cando por encarga da editorial Argos Vergara, a través do Instituto da Lingua Galega, Carme Ares Vázquez, Xosé M^a Carballeira Anllo, Primitivo Iglesias Sierra e Xosé M^a Lema Suárez redactaron un “Vocabulario Gallego-Castellano”, incluído no volume X do seu *Diccionario Enciclopédico* (Barcelona, 1984).

A comezos de 1985 este mesmo equipo, coa incorporación de Rosa López Fernández, e baixo a coordinación editorial de Xosé Lastra Muruais, empezou a elaboración do *Diccionario Xerais da Lingua*, que saíu á luz no ano 1986 e que actualmente vai pola 4^a edición. Del editouse en 1989 unha versión reducida, o *Pequeno Diccionario Xerais*, supervisado e coordinado por Gonzalo Navaza Blanco. As 30.000 entradas daquel reducíronse nesta a 16.000 e foi un primeiro intento de achegar un diccionario de frecuencias de uso de palabras do galego estándar, dirixido especialmente ós estudantes.

Co propósito de cubri-las demandas, tanto daqueles que teñen o castelán como lingua de uso habitual, como os que, aínda estando instalados no galego, posúen unha competencia lingüística máis sistemática do idioma no que foron alfabetizados e educados, Xerais publicou en 1990 o *Diccionario Castelán-Galego de usos, frases e sinónimos*. Na redacción desta obra participou, como novo membro do equipo, Carme Hermita Gulías, que, entre outras cousas, formara parte do grupo de redactores do *Diccionario normativo galego-castelán* de Editorial Galaxia (Vigo, 1988).

3. ELABORACIÓN DO CORPUS LÉXICO

Baixo a coordinación de Gonzalo Navaza Blanco o equipo de investigadores antes citados está en proceso de elabora-lo *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. A pesar da experiencia investigadora de todos eles, foron necesarias varias sesións de traballo para a consecución de criterios e métodos uniformes que permitisen resolver-los evidentes problemas que presentaba a escolla do corpus léxico xeral, a selección e categorización das entradas e, obviamente, a súa determinación e representación tipográfica.

Para a elaboración do corpus léxico, que foi a primeira tarefa abordada, utilizáronse varias fontes, unhas de carácter xeral e outras máis específicas e restrinxidas. Como obras de carácter xeral nas que se baseou a confección dunha primeira listaxe de palabras están os principais dicionarios e repertorios lexicográficos: o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez, o *Diccionario galego-castelán* de Xosé Luís Franco Grande, o *Diccionario normativo galego-castelán* de Galaxia, o *Diccionario da lingua galega* da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega, o *Diccionario Xerais da lingua*, o *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGA)* do Instituto da Lingua Galega e da Real Academia Galega e o *Glosario de voces galegas de hoxe* (Santiago, 1985), de Constantino García González.

Por recoller un vocabulario específico de cada materia resultaron de especial interese os distintos vocabularios terminolóxicos: *Vocabulario das ciencias naturais*, o *Vocabulario dos deportes*, o *Vocabulario de tabernas, bares e cafeterías*, o *Vocabulario do medio físico*, o *Vocabulario de cócteles*, o *Vocabulario comercial*, o *Vocabulario das pesas e medidas*, o *Vocabulario do medio agrícola*, o *Vocabulario da música e espectáculos*, o *Vocabulario da electrónica e electricidade*, *Os xentilicios e os topónimos do mundo*, o *Léxico da administración*, o *Diccionario Galego de Xeografía* e os *Léxicos de matemáticas, física e química*. Unha obra fundamental para a esculca de léxico relativo á flora e á fauna marítimas de Galicia foi o traballo de M^a do Carme Ríos Panisse, *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas* (Santiago, 1977). Como tamén o foron as colleitas léxicas de Aníbal Otero, *Contribución al diccionario gallego* (Vigo, 1967) e o *Vocabulario de S. Jorge de Piquín* (Santiago, 1977) no ámbito da lingua viva.

Xunto con estas e outras achegas de menor contía, collidas de moi diferentes fontes, convén sinala-lo numeroso material inédito, froito dunha dilatada investigación persoal, co que contribúen os propios autores do dicionario.

En canto ás fontes literarias que se considerou oportuno utilizar para o rexistro do seu léxico dentro do dicionario, a idea inicial foi partir de 20 autores que, segundo a opinión do grupo, serían os máis representativos da nosa lingua. Nun principio, na primeira elaboración do corpus léxico, incluíuse o material xa elaborado e publicado, correspondente á obra de Cunqueiro e de Celso Emilio. Nunha segunda etapa procederáse ó baleirado, escolma e definición dos restantes 18 escritores. Nesta segunda fase incorporáranse ó corpus inicial todas aquelas novidades que foron e vaian aparecendo (p.ex.: o *Vocabulario das Matemáticas*, publicado polo Servicio de Normalización da Universidade de Santiago).

4. SELECCIÓN E ELABORACIÓN DO CORPUS LÉXICO

O corpus léxico inclúe tódalas palabras que figuran nas fontes manexadas, pero non tódalas formas que figuran van te-la mesma consideración dentro do dicionario, ben por non se axustaren á normativa, ben por seren formas dialectais ou de uso local moi

restrinxido, ou mesmamente porque, aínda sendo palabras de uso habitual na fala e na escrita, resultan alleas á estrutura propia do idioma galego.

Isto podería facer complexo o manexo do dicionario, polo que resolvemos esta dificultade ofrecéndolle ó lector unha solución visual das diferentes categorías de palabras.

Tomando como referencia fundamental o repertorio léxico do *VOLGA*, as palabras incluídas neste repertorio léxico terán consideración de normativas e aparecerán nun corpo de letra de maior tamaño. Malia que o punto de referencia para esta consideración de **formas normativas** vs. **formas non normativas** foi, principalmente, a resolución ofrecida polo *VOLGA*, a nosa experiencia investigadora dinos que este non é exhaustivo. En primeiro lugar, porque atopamos numerosas ausencias de termos referidos ó mundo técnico e científico; e, en segundo lugar, porque, logo de discutilas e valoralas, decatámonos de que algunhas palabras da lingua viva non teñen ningún impedimento para que sexan consideradas como propias da normativa.

As palabras de uso frecuente pero que non teñen consideración de normativas (variedades dialectais, popularismos, etc.) aparecerán nun corpo de letra inferior, tanto na súa definición como na propia entrada.

Finalmente, aquelas palabras que, aínda que tendo presenza habitual na fala e na lingua escrita, resultan alleas ás estruturas do idioma (castelanismos, lusismos e outros estranxeirismos innecesarios), irán nun corpo de letra máis reducido có anterior, remiando sempre á solución normativa correspondente. Vexamos un exemplo práctico:

coitelo *s.m.* Instrumento cortante con folla de aceiro e mango. [Tipo de letra: redonda negra en corpo 12].

cuitelo *s.m.* **Coitelo**. [Letra de corpo 10]

cuchilo. **Coitelo**. [Letra de corpo 8]

Verbo das palabras galegas sen consideración de normativas caben dúas posibilidades: a) que sexa unha simple variante dunha forma normativa, que non engade nada novo ó seu campo sémico, co que a solución adoptada foi remitila ó modelo estándar máis próximo formalmente a ela definido e clasificado no lugar correspondente; e b) que a palabra ofrezca unhas particularidades específicas polo que se fai preciso definila, delimitando as súas correspondentes acepcións. Por exemplo:

cibro. **Acivro**

cuitelo. **Coitelo**.

achair *v.t.* Transportar leña, madeira ou calquera outra cousa desde un lugar pouco accesible ata outro que permita cargala nun carro.

filla *s.f.* **1.** Toco dunha árbore cortada que queda a rentes do chan. **2.** Suco ou galla que se deriva dunha canle principal. **3.** Gromo dunha planta.

5. DEFINICIÓN DAS ENTRADAS

A estrutura de cada artigo será a seguinte:

- a) entrada
- b) categoría gramatical
- c) acepcións
- d) fraseoloxía
- e) observacións.

Para as definicións e a separación de acepcións partimos de diferentes fontes e modelos: dicionarios enciclopédicos, dicionarios doutras linguas romances (portugués, castelán, catalán, francés e italiano), estudos, anotacións e recensións lexicográficas (como pode se-lo traballo de Luís Daviña Facal, *Problemas do léxico científico* ou os sucesivos traballos de Constantino García e J. L. Pensado, entre outros), vocabularios específicos (guías de plantas, de árbores, etc.) e todo canto material de interese lexicográfico puidemos alcanzar. Con isto procuramos abrangue-lo maior número de posibilidades significativas de cada palabra, indicando mesmamente límites de uso estilístico (familiar, vulgar, popular, etc.), de especialidade (botánica, medicina, economía, etc.), citación de sinónimos, mención do nome científico de plantas e animais, e numerosos exemplos aclaratorios de significado e uso. Exemplo:

dar v.t. **1.** Ceder, voluntaria e gratuitamente, a posesión ou a propiedade dunha cousa a alguén; doar. **2.** Entregar algo a alguén; desprenderse de algo. **3.** Ser causa de que algo ou alguén teña certa cousa, estado ou calidade; proporcionar (*o leite dálle forza; deulle ós fillos unha boa educación*). **4.** Facer que exista para alguén certa circunstancia; proporcionar (*dáme unha oportunidade*). **5.** Ser unha cousa orixe de algo que brota ou se produce nela mesma; procurar, producir, proporcionar (*esta leira dá moito froito; a casa dálle 50.000 pts. de renda; o negocio dá moito diñeiro*). **6.** Conceder permiso, autorización, etc.; outorgar (*deuche permiso ata as dez; deu o seu visto e prace*). **7.** Dicar ou facer saber algo a alguén; comunicar, expoñer (*deulle a noticia; dáme os teus datos; dálle as medidas da saia*). **8.** Dicar ou expresar certas cousas (*da-la benvida; da-las gracias, da-la noraboa*, etc.). **9.** Dirlle a alguén que transmita estas mesmas

expresións ou outras de saúdo (*deume recordos para ti*). **10.** Producir alegría, gusto, satisfacción, pena, etc. ou as mostras deses estados de ánimo; causar, ocasionar (*dáme pena velos así; dá gusto velos crecer*). **11.** Con certos substantivos como *baile, banquete, festa*, etc., obsequiar con eles a unha ou varias persoas; ofrecer, celebrar. **12.** Con algúns substantivos, facer, practicar, executar-la acción que estes indican (*dar un brinco por brincar, dar un bico por bicar, dar un paseo por pasear*, etc.). **13.** Propinar un golpe a algo ou a alguén (*douche unha labazada; deulle un golpe co caxato*). **14.** Con nomes que expresan unha acción instantánea, realizala (*deulle unha chupada ó cigarro*). **15.** Cubri-la superficie dunha cousa cunha capa de algo (*dálle crema ós zapatos*). **16.** Á facer unha obra, lograr que teña certa calidade (*dálle forma cadrada; dálle máis ancho á manga*). **17.** Facer soa-lo reloxo as campanadas correspondentes á hora que sexa

(*está dando as oito*). **18.** Nos xogos dascartas, reparti-las cartas ós xogadores. **19.** Facer que alguén reciba os efectos da acción que un fai (*dar ordes* ; *dar caza a unha presa*, etc.). **20.** Supoñer, considerar (*douno por feito*). **21.** Atribuír, poñer intención especial nalgún suceso, palabra, etc. (*deulle unha nova imaxe ó negocio* ; *deulle valor para face-lo*). **22.** *fig.* Presaxiar, anunciar (*dáme o corpo que virá*). **23.** Explicar unha lección, pronunciar un discurso ou conferencia, etc. (*hoxe ás oito dá unha conferencia* ; *hoxe dá a clase unha nova profesora*). **24.** Suministrar algo que vai por tubos, canos, etc., coma o gas, a auga, a luz, etc. (*dánno-la luz cando paguémo-lo contador*). **25.** Abri-la chave ou paso dos conductos que traen a luz, auga, etc. (*dá a luz das escaleiras*). **26.** Botar alguén a perde-la diversión, o descanso ou a tranquilidade doutra persoa (*déchesno-la tarde cos teus problemas*). // *v.i.* **27.** Dar no punto exacto; acertar, atinar. **28.** Facer impacto algo nun determinado lugar; alcanzar, tocar, chocar, bater (*a pedra deu no muro*). **29.** Con algúns nomes e verbos, rexidos da *prep. en*, teimar, empeñarse nunha cousa (*deu en beber e botouse a perder*). **30.** Coa *prep. de* e algúns substantivos, caer do modo que estes indican (*deu de fociños na porta*). **31.** Encontrar unha persoa ou cousa (*dei co peto dos cartos*). **32.** Acometer certo estado físico ou anímico; entrar, pegar (*despois de xantar dáme o sono* ; *dáme vergonza entrar*). **33.** Incidir sobre *algo o sol, o aire*, etc. (*dálle o sol na cara*). **34.** Estar algo aberto ou orientado cara a un determinado lugar ou nunha determinada dirección (*o piso dá ó Norte* ; *a ventá do cuarto dá ó xardín*). **35.** Dar de si para algo unha persoa ou cousa; ser suficiente (*o seu aguante non deu para máis*). **36.** Seguido da *prep. a*, accionar un obxecto ou mecanismo (*dálle ó mando inferior* ; *dálle ó volante para a esquerda*). **37.**

Padecer unha enfermidade, sentirse afectado por ela (*deulle o xarampón*). **38.** Sobrevenir unha cousa e empezar a sentila física ou moralmente (*dar un calafrío*; *dar unha sincope*). // *v.p.* **39.** Dedicar alguén a súa actividade, afecto, intelixencia, etc. *a algo ou a alguén*; consagrarse, entregarse. **40.** Entregarse a un vicio ou unha actividade absorbente (*deuse á bebida*). **41.** Producirse unha cousa; ocorrer, suceder (*non se dan moitas veces casos coma este*). **42.** Desenvolverse unha planta (ben ou mal) no lugar que se expresa (*danse moi ben neste horto os tomates*). **43.** Ter maña ou aptitudes para aprender ou facer unha cousa (*non se lle dá ben o debuxo*). **44.** Afacerse, acostumarse. **45.** Seguido de participio forma unha perífrase aspectual perfectiva que significa ‘*ser capaz de*’, ‘*conseguir*’ (*non dou rematado o labor para mañá*). **46.** Seguido da *prep. en* e dun infinitivo forma unha perífrase aspectual incoactiva co sentido de ‘*botarse*’, ‘*poñerse a*’. **D. abeiro**, protexer a alguén, amparar, recoller. **Dar a cada un o seu**, 1) repartir algo equitativamente; 2) darlle a cada un o seu merecido. **D. a entender unha cousa**, 1) insinuala ou apuntala sen dicila claramente; 2) explícala de xeito que a entenda ben o que non a alcanza. **D. a escachar**, pegar forte. **D. á reixa**, esforzarse, traballar sen pausa. **D. alma ós nenos**, bautizalos. **D. a luz**, 1) parir; 2) publicar unha obra inédita. **D a medias**, dar a outro o gando para que o coide, dar ganancia, poñer. **D. ansia**, dar apuro algo a alguén. **D. a todo**, 1) atender coidadosamente tódolos labores dunha casa, negocio, etc.; 2) desempeñar con aptitude e acerto os diversos cargos que se lle encomendan. **D. ben**, 1) no xogo, ter boa sorte; 2) entenderse ben (*eses dous dan moi ben*). **D. ben por mal**, corresponder con beneficios ou favores á persoa da que recibimos agravios e prexuízos. **D. cabo**, rematar, concluír, terminar, dar

fin a algo. **D. cabo de un**, matalo. **D. cachote**, 1) matar; 2) no xogo, gañarlle ó contrario tódalas bazas. **D. casa cuberta**, hospedar a un mendigo. **D. coa porta nos fociños**, 1) botar de malas maneiras a alguén fóra da casa de un; 2) non permitirlle a alguén entrar na casa de un, cerrándolle a porta violentamente se o intenta; 3) negarlle a alguén o que pide ou desexa. **D. con alguén**, encontrarse con alguén. **D. conta**, 1) referir, narrar; 2) ter conta, termar (*dá conta do caldeiro, dar conta do libro*). **D. cheda**, 1) empuxa-lo carro para que saia dunha lameira; 2) *fig.* axudar a alguén nunha tarefa difícil. **D. dada unha cousa**, dala moi barata ou de balde. **D. de comer ó demo**, gastar todo o que se ten en cousas inútiles. **D. de corpo**, evacua-los excrementos; cagar, defecar, dar de ventre. **D. de cu**, 1) quebrar un negocio; 2) perder todo o que se ten nunha mala empresa; arruinarse. **D. de cheo**, atinar, acertar. **D. de fociños**, tropezar e caer co corpo cara a adiante. **D. de mamar**, aleitar, criar. **D. de man**, 1) pasar de man en man a rede para embarcala; 2) parar no traballo cando chega a hora. **D. dente con dente**, bate-los dentes, tremer, aterecer por efecto do frío ou do medo; da-las dentaladas. **D. de ollo**, chosca-lo ollo facendo sinais para advertir algo. **D. de presente**, pagar no acto. **D. de recú**, recuar, dar recú. **D. de si**, 1) estenderse, estirar materialmente unha cousa; 2) rendir, producir. **D. de ventre**, evacua-los excrementos; cagar, defecar, dar de corpo. **D. en** 1) ter pos costume; 2) empezar a, poñerse a. **D. en brando**, non encontrar resistencia para conseqüi-lo que se solicita ou pretende. **D. en duro**, encontrar dificultades para conseqüi-lo que se intenta. **D. en falso**, non lograr un intento. **D. fe**, corroborar, confirmar algo, testemuñar. **D. fin**, acabar, rematar, concluír, dar cabo a algo. **D. fondo**, bota-la áncora. **D. ganancia**, 1) dar a outro o gando para que o

coide; dar a medias; 2) reportar beneficio. **D. gloria**, **d. gusto**, resultar agradable, satisfacer, dar xenio. **D. mal**, 1) no xogo, te-la sorte contraria; 2) marearse, sufrir un desmaio. **D. mala espiña**, **d. mala espiñada**, presentir algo funesto. **D. nas mataduras**, dar onde máis doe, onde máis dano se fai. **D. no vivo**, dar no que máis se sente. **D. noxo**, 1) causar repugnancia; 2) causar indignación ou enfado. **D. nunha cousa**, obstinarse nela. **D. ós dentes**, comer sen falar. **D. ós ombros**, encollerse. **D. palabra**, prometer. **D. parte**, denunciar. **D. pé**, dar motivo para algo. **D. pincho**, volca-lo carro, da-la volta. **D. polo pau**, darlle a un o gusto, seguírlle a corrente. **D. por bo ou boa unha cousa**, 1) aceptar sen reparo o que fixo outro; 2) admitir un argumento ou razón aínda que non sexa moi convincente. **D. por feito**, considerar algo rematado, aínda que non o estea. **D. que facer**, 1) dar traballo; 2) ofrecer resistencia, molestar. **D. que falar**, ocupa-la atención pública por algún tempo. **D. que pensar**, 1) ser motivo de preocupación; 2) facer sospeitar. **D. que tecer**, dar traballo. **D. razón**, informar a alguén de algo. **D. recú**, recuar, dar de recú. **D. sebo ós pés**, fuxir a todo correr. **D. sono**, producir sono, dar ganas de durmir. **D. terra**, enterrar. **D. torga**, **d. unha tunda**, mallar a alguén, darlle unha somanta. **D. tras de un**, perseguilo con encarnizamento. **D. treguas**, interromper a intervalos, dar descanso. **D. trela**, dar conversa. **D. un carto ó pregoeiro**, pregoar algo para gabarse un mesmo. **D. unha do revés**, dar unha labazada. **D. unha do dereito e outra do revés**, pegar. **D. unha no cravo e outra na ferradura**, acertar e desacertar consecutivamente. **D. unha xeira**, desenvolver nun tempo breve un grande esforzo. **D. un aire**, 1) paralizarse parcialmente o corpo; 2) imitar, parecerse. **D. un tento**, probar. **D. vela**, iza-la vela. **D. volta**, 1) envorca-lo barco; 2) retroceder. **D.**

volta o calleiro, devolver, golsar, trousar. **Dar voltas**, 1) xirar; 2) tirarse ó chan e dar voltas por el; envorcallarse. **D. voltas na cabeza**, pensar, cavilar, matinar, teimar. **D. xeito a algo**, 1) facer ben unha cousa; 2) adecuar algo a unha determinada situación. **D. xenio**, resultar agradable, satisfacer, dar gloria, dar gusto. **Da-la alma**, 1) presaxiar ou agoirar algunha cousa; 2) finar, morrer. **Da-la cara**, afronta-las responsabilidades con valentía. **Da-la casca**, 1) tingui-las redes; 2) madura-la noz; 3) desprenderse con facilidade a casca do froito. **Da-la cría**, notárselle á vaca que está preñada. **Da-la roupa**, quedar ben lavada. **Da-la teta**, aleitar, criar. **Da-la vida**, vir ben unha cousa; aliviar. **Da-la volta**, rodear. **Da-las dentaladas**, dar dente con dente, bate-los dentes, tremar, atecer por efecto do frío ou do medo. **Da-las horas**, soa-las horas no reloxo. **Da-lo cabo**, da-la última sacha. **Da-lo corazón, da-lo corpo**, presaxiar ou agoirar algunha cousa. **Da-lo salto**, cubri-lo touro á vaca. **Dálle que dálle** 1) expresa a insistencia nunha cousa ou a súa repetición (*está aí dálle que dálle e non resolve o problema*); 2) emprégase tamén para reproba-la obstinación ou teima de alguén nunha cousa. **Dáme e dareiche**, denota propósito de facer un troco ou cambio. **Darlla alguén**, enganalo. **Darlle a man a un**, favorecelo, protexelo, axudalo, botarlle

unha man. **Darlle a un a gana**, apetecerlle. **Darlle a un para peras**, 1) darlle unha tunda; 2) referido ós nenos, darlles unhas azoutas. **Darlle á zanca, darlle ó zoco**, andar moito e sen deterse. **Darlle ó lume**, atizar. **Darlle ó trebello**, 1) falar por falar, falar moito, darlle ó tarabelo; 2) nalgunhas expresións, moverse, andar. **Darse moito á vellez, darse a vello, darse vello**, envellecer, avellentar. **Darse ben**, nacer bo froito. **Darse (de) conta**, advertir, decatarse, comprender, entender. **Darse por conforme**, convencerse. **Darse (ó) pote**, darse importancia, presumir. **Darse xeito**, ser mañoso para algo. **A d. co zoco**, a encher, en abundancia. **Non d. feito**, non ser capaz de rematar un traballo. **Non d. un carto para unha cousa**, considérala sen valor. **Non d. un carto por unha persoa**, 1) encontrala moi grave, a piques de morrer; 2) estimala pouco. **Non d. unha fala**, non dicir palabra. **Non d. unha sede de auga**, dise da persoa que é moi amarrada. **¡Quen, mo, cho, llo... dera!**, fai referencia ó que un precisa ou desexa pero non o pode alcanzar. **Sen d. pío**, sen dicir palabra, sen dar unha fala. **Sen poder d. nin a pé nin a perna**, sen poder moverse. **Veña e dálle**, dálle que dálle. **¡Vouche d.!**, expresión que serve para ameazar cunha labazada ou cunhas azoutas.

Consideramos que a inclusión de grupos fraseolóxicos ou expresións idiomáticas (modismos, frases feitas, xiros lingüísticos, idiotismos, etc.) é un xeito de transmitir e fixa-lo verdadeiro celme da lingua viva. Amais da escolla fraseolóxica xa incluída no *Diccionario Xerais da Lingua* e no *Diccionario Castelán-Galego de usos, frases e sinónimos* engádense novas achegas, recadadas de moi diferentes fontes, pero en especial da obra de Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias, *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega* (A Coruña, 1995) e dos traballos que sobre o tema ven publicando nos últimos tempos Xesús Ferro Ruibal. Para este apartado tamén se terán en conta as atinadas observacións feitas por M^a Álvarez de la Granja na comunicación presentada onte neste Congreso.

A distribución destas expresións en cada entrada será como segue: en primeiro lugar os enunciados que empecen pola palabra definida, e de seguido as outras locucións que conteñan a palabra, ordenadas alfabeticamente.

fillo,-a s. **1.** Calquera persoa ou animal, con relación ós seus pais (*ten un fillo e dúas fillas*). **2.** Nome que se lle dá en ton cariñoso, familiar, ou de enfado ás persoas máis novas ou coas que se ten confianza (*¡gracias, filla!*; *¡mira, fillo, iso eu non cho consinto*). **3.** p.ext. Calquera persoa con relación ó país, vila, cidade ou lugar do que é natural; nativo, oriúndo (*os fillos de Galicia*). **4.** Persoa pertencente a unha orde relixiosa, con respecto ó fundador da mesma (*os fillos de san Bieito*). **5.** Denominación que reciben os membros de certas congregacións ou asociacións pías (*as fillas de María*). **6.** Talo novo que sae das plantas ou dalgúns froitos; gomo, gromo, renovo, rebento (*esa cerdeira botou varios fillos ó pé*). **7.** fig. O que procede ou sae doutra cousa, con relación a ela; consecuencia, resultado (*moitos problemas dos nosos días son fillos dos erros do pasado*).// pl. **8.** Os descendentes dunha mesma persoa. **F. adoptivo**, o considerado como tal por adopción; **F. bravo**, fillo de muller solteira. **F. espiritual**, calquera persoa en relación co seu confesor. **F. natural**, o habido fóra do matrimonio. **F. novo**, o fillo menor. **Filla política**, a nora. **F. político**, o xenro. **F. póstumo**, o nacido despois da morte dun dos pais. **F. putativo**, fillo considerado como natural, malia non selo. **F. de puta**, fig. Vulgarmente, expresión que se utiliza para insultar. **F. Unixénito**, Xesús Cristo como segunda persoa da Trindade. **F. ventureiro**, fillo de muller solteira. **F. zorro**, fillo de muller solteira. **F. da igrexa**, fillo de muller solteira. **F. da pedra**, o que non sabe quen son os seus pais. **F. das herbas**, o que non sabe quen son os seus pais; **F. de a pé do toxo**, fillo de muller solteira. **F. de achego**,

fillo de muller solteira. **F. de confesión**, calquera persoa en relación co seu confesor. **F. de detrás do valado**, fillo de muller solteira. **F. de Deus**, Xesús Cristo como segunda persoa da Trindade. **f. de Deus**, 1) Xesús Cristo; 2) no Antigo Testamento, título mesiánico, atribuído adoptivamente ó pobo israelita, ós anxos e ó rei, e que as primitivas comunidades cristiás aplicaron a Xesús Cristo para expresa-la crenza na súa divindade. **F. de familia**, o que aínda está na casa de seus pais ou que aínda non tomou estado de casado ou que non se independizou. **F. de furto**; fillo de muller solteira. **f. de leite**, calquera persoa, en relación coa súa ama de cría. **F. de moza**, fillo de muller solteira. **F. de nai**, fillo de muller solteira. **F. de paleiro**, fillo de muller solteira. **F. de peta na porta**, fillo de muller solteira. **F. de porta aberta**, fillo de muller solteira. **F. de roleiro**, fillo de muller solteira. **F. de seu pai**, persoa de carácter semellante ó do seu pai. **F. de solteira**, fillo de muller solteira. **F. de tras da silveira**, fillo de muller solteira. **F. de tralas silveiras**, fillo de muller solteira. **F. do bedro**, fillo de muller solteira. **F. do canaval**, fillo de muller solteira. **F. do demo**, atravesado, traveso, revoltoso. **F. do home**, figura mesiánica do libro de Daniel que, segundo o Evanxeo, é atribuída a Xesús Cristo para expresa-la transcendencia da súa persoa e da súa obra; **F. do monte**, fillo de muller solteira. **F. do raposo**, fillo de muller solteira. **F. do seu pai**, persoa de carácter semellante ó do seu pai. **F. do vento**, fillo de muller solteira. **Calquera f. de veciño**, calquera, todo o mundo. **Deus Fillo** (ou por antonomasia) **o Fillo**, Xesús Cristo, como segunda persoa da Trindade.

Algunhas palabras requiren unha información adicional á da propia definición. Tal información irá recollida nunhas *observacións* finais, que poden ser de tipo gramatical ou de uso semántico.

aerosol *s.m.* **1.** Suspensión coloidal de partículas líquidas ou sólidas dispersas nun gas. **2.** Envase constituído por un recipiente pechado a presión que, por medio dunha válvula que comunica co exterior, descarga un produto en estado líquido (medicamento,

insecticida, etc.). **OBS.** O seu plural é *aero-sois*.

esgrevio, -a *adx.* ‘Áspero, difícil, dificultoso’ (*un terreo esgrevio*). **OBS.** Na tradición literaria usouse erradamente no canto de **egrexio, -a**.

6. CONCLUSIÓNS

A idea é elaborar un dicionario o máis exhaustivo posible da lingua galega que sexa, asemade, descritivo e normativo.

A nosa previsión é presentar a finais de 1998 esta obra que nós chamamos o *Gran Dicionario Xerais da Lingua* cunhas 100.000 entradas distribuídas en 3 volumes.

Na actualidade está definido un 60% do corpo léxico escolmado. Unha vez rematadas tódalas definicións entraremos no proceso de corrección, que prevemos longo e dificultoso. O resultado final do traballo de seguro ha diferir bastante das primeiras redaccións, como poderán comprobar ó compara-las redaccións dos distintos artigos empregados nos exemplos desta comunicación coa súa versión definitiva.